



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Lingua Galega 2	Código	613G02014	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Profesorado	Axeitos Valiño, Ricardo Fonseca Martínez, Daniel Logares Carbajales, Borja López Viñas, Xoán Peres Vigo, Alexandre Sanchez Rei, Xose Manuel	Correo electrónico	ricardo.axeitos@udc.es daniel.fonsecam@udc.es borja.logares@udc.es xoan.lopezv@udc.es alexandre.pvigo@udc.es x.m.sanchez.rei@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo normativo da lingua galega.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios utilizando técnicas de análise textual	A2		
Ser capaz de elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega	A9		
Demostrar capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións	A10		
Atinxir un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega	A4		
Conseguir avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada	A11		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica	A15		
Demostrar coñecemento da situación sociolingüística da lingua galega	A23		
Ser capaz de explicar a variación lingüística da lingua galega	A25		
Coñecer a historia e a cultura da comunidade galega	A19	B5	
Ser capaz de utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información		B1	
Adquirir capacidade de autoformación		B3	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno	A21	B4	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico		B7	
Demostrar que é capaz de se expresar correctamente, tanto de forma oral coma escrita, en galego.	A4		C1
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse		B9	C6
Ser consciente da utilidade e necesidade da diversidade, atuando eticamente perante ela, con parámetros de xustiza e igualdade		B8 B10	
Coñecer resultados de investigación e colocalos en relación co desenvolvemento tecnolóxico e avance socioeconómico e cultural da sociedade		B9	



Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
--	-----	--	--

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Norma e calidade lingüística: caracterización do modelo culto da lingua no século XXI	1.1. A norma, a variación lingüística e a calidade lingüística 1.2. Aspectos ortográficos, ortolóxicos e fónicos 1.3. Aspectos morfosintácticos 1.4. Aspectos léxico-semánticos 1.5. Aspectos pragmáticos
2. A variación lingüística: usos e norma	2.1. Variación dependente do/a usuario/a: idade e xénero 2.2. Variación dependente do uso: estilo, contexto e rexistro 2.3. Lingua oral e lingua escrita. A lingua literaria como modelo
3. A planificación do status da lingua galega	3.1. A planificación lingüística e a planificación da lingua galega 3.2. O encadramento legal do galego: evolución histórica e situación actual 3.3. Ámbitos e usos lingüísticos
4. A planificación do corpus da lingua galega	4.1. O proceso de estandarización do galego. Grupos, institucións e criterios normativos
5. As modalidades do galego	5.1. A lingua da Galiza e outros modelos do sistema lingüístico galego-portugués 5.2. Galego, portugués, brasileiro. Análise contrastiva 5.3. A variación lingüística na Galiza e na Lusofonía/Galeguía

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A2 A4 A9 A10 A14 A15 A19 A21 A23 A25 C1	0	25	25
Sesión maxistral	A14 A19 B5 B8 B9 B10 C6	30	10	40
Lecturas	A2 A11 A14 A23 A25 B3 B5 B7 C6	0	4	4
Obradoiro	A2 A4 A9 A10 A11 A14 A15 A19 A21 A23 A25 B4 B5 B6 B10 C1	26	11	37
Presentación oral	A2 A4 A9 A10 A11 A15 A21 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C1	1	5	6
Estudo de casos	A2 A4 A9 A10 A11 A15 A21 A25 B1 B3 B5 B7 B8 C1	2	35	37
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Proba escrita de avaliación que combinará actividades de carácter teórico-práctico en que se demostrarán os contidos e as competencias adquiridas na materia.



Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Lecturas	Realización da lectura de artigos puntuais sobre aspectos concretos do temario.
Obradoiro	Nas sesións de docencia interactiva, co apoio do profesorado da materia, realizaranse diversas actividades prácticas, en que se inclúen exercicios escritos, solucións de problemas, probas de discriminación, discusións dirixidas, probas de completar, corrección de textos, aplicación de normas, análise de fontes documentais, prácticas a través de TIC, traballo en grupo e aprendizaxe colaborativa. Alén destas actividades prácticas, destinadas á consolidación dos contidos presentados na "Sesión maxistral", no "Obradoiro" daranse as pautas para poder elaborar as prácticas de entrega englobadas nas metodoloxías denominadas "Solucións de problemas" e "Presentación oral".
Presentación oral	Nas últimas semanas do cuadrimestre, o alumnado terá que realizar unha proba oral a partir das instrucións facilitadas previamente polo profesorado da materia.
Estudo de casos	Como complemento á "Sesión maxistral" e ao "Obradoiro", o alumnado deberá realizar unha serie de ACTIVIDADES PRÁCTICAS non presenciais de aplicación dos contidos teóricos á práctica. As instrucións para a realización e entrega do traballo tutelado daranse no inicio do curso e estarán penduradas no Campus Virtual da UDC.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Presentación oral	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente -que non unicamente- para o apoio na realización do "Traballo tutelado". De maneira xeral, cada alumno/a asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.</p> <p>Así mesmo, para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do traballo, ben no horario de atendimento ben a través do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A2 A4 A9 A10 A11 A15 A21 A25 B1 B3 B5 B7 B8 C1	Será avaliada a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica e mais a corrección na análise e na expresión escrita, a capacidade analítica e crítica, así como a adecuación aos obxectivos formulados polo profesorado para cada actividade destas características.	40
Presentación oral	A2 A4 A9 A10 A11 A15 A21 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C1	Será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión na exposición, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos, o traballo en equipo e a utilidade da presentación para os propósitos da materia.	10
Proba mixta	A2 A4 A9 A10 A14 A15 A19 A21 A23 A25 C1	Serán avaliadas a corrección lingüística e expositiva, así como a adecuación entre o exposto na proba mixta e os contidos presentados e estudados nas sesións maxistras e no obradoiro.	50

Observacións avaliación



1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter 5 puntos sobre 10 para poder sumar os restantes elementos avaliábeis.

1.2. Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurará no Campus Virtual da UDC. As actividades entregadas fóra do prazo marcado ou que non cumpran coas pautas indicadas non serán obxecto de avaliación.

1.3. Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o día 06/07/2018 e pendurado en Moodle).

1.4. Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel da materia en formato "rúbrica" na sala de aulas e/ou a través do Campus Virtual da UDC. O/a docente proporcionará, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

1.5. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados a unha ferramenta informática para a detección do plaxio e de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da Universidade da Coruña (artigo 14).

1.6. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, audita, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC / no centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuadrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

2. AVALIACIÓN DA 2.ª OPORTUNIDADE

2.1. Na 2.ª oportunidade, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

2.2. As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á 2.ª oportunidade. Para superaren a materia nesta oportunidade, os/as alumnos/as deberán aprobar (con 5 puntos sobre 10) aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia e que serán realizadas na data fixada pola Facultade de Filoloxía. Igualmente, poderán ser recuperadas todas aquelas tarefas non superadas ou non presentadas na oportunidade anterior.

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

3.1. O alumnado que se presentar á convocatoria adiantada de decembro terá que contactar previamente co profesorado da materia e, para superala, deberá realizar unha "Proba mixta" (5 puntos), unha "Presentación oral" (1 punto) e un "Estudo de casos" (4 puntos).

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO (NP)

4.1. Será considerado Non Presentado aquel alumnado que non se presentar á "Proba mixta" e que non presentar ningunha das actividades contempladas na avaliación.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

5.1. O estudantado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co profesorado. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ao atendimento, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

6. ALUMNADO DE SEGUNDA MATRÍCULA

6.1. O alumnado de segunda matrícula que non poida asistir ás aulas deberá contactar co profesorado da materia.



Bibliografía básica

- Rodrigues Fagim, V. (2001). O galego (im)posíbel. Santiago de Compostela. Laivento
- Álvarez de la Granja, M. / González Seoane, E. X. (eds.) (2003) (2003). A estandarización do léxico. Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega
- Cassany, D. (2008). La cocina de la escritura. Barcelona. Anagrama
- Estrela, E. / J. D. Pinto-Correia (2001). Guia Essencial da Língua Portuguesa para a Comunicação Social. Lisboa. Editorial Notícias
- Estrela, E. / M. A. Soares / M. J. Leitão (2004). Saber Escrever Saber Falar. Lisboa. Dom Quixote
- Feixó Cid, Xosé (2004). Gramática da lingua galega. Vigo. Xerais
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Manual de gramática galega. Vigo. A Nosa Terra
- Freixeiro Mato, X. R. (2009). Lingua de calidade. Vigo. Xerais
- García Cancela, X. / C. L. Díaz Abreira (1994). Manual de linguaxe administrativa. Santiago de Compostela. Escola Galega de Administración Pública / Xunta de Galicia
- García Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laivento
- Hermida Gulías, Carne (2004). Gramática práctica (Morfosintaxe) . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- Hernández Guerrero, J. A. / M. C. García Tejera (2004). El arte de hablar. Manuel de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna. Barcelona. Ariel
- Koch, I. G. V. (2005). Desvendando os segredos do texto. São Paulo: Cortez, 4ª ed.
- López Viñas, X. / Lourenzo Modia, C. / Moreda Leirada, M. (2010). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Bahía
- Monteagudo, H. (ed.) (1995). Estudos de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto. Vigo: Galaxia
- Ríos Noia, M. / M. L. Pita Rubido / R. J. Nogueira Gómez / B. Brozos Mera (2007). Manual de documentos administrativos. A Coruña. Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións, Universidade da Coruña
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Criterios para o uso da lingua . A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.
- Sanmartín Rei, G. (2008). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo. Xerais
- Vilela, M. / I. Villaça Koch (2001). Gramática da Língua Portuguesa . Coimbra: Livraria Almedina
- Sánchez Rei, X. M. / Marques, A. (2016). As ciéncias da linguagem no espaço galego-português: diversidade e convergência. A Coruña, Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
- González Rei, B. (2004). Ortografía da lingua galega. A Coruña: Galinova
- Sánchez Rei, X. M. (ed.) (2014). Modelos de lingua e compromiso. A Coruña: Baía Edicións
- RAG / ILG (2012). Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. A Coruña: RAG
- Comissom Lingüística da Associação Galega da Língua (2012). O modelo lexical galego. Santiago de Compostela: Através Editora
- Regueira, X. L. (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega
- Monteagudo Romero, H. (2017). Historia social da lingua galega. Vigo: Galaxia
- Freixeiro Mato, X. R. (2013). Estilística da lingua galega. Vigo: Xerais
- Callón, C. (2022). O libro negro da lingua galega. Vigo: Xerais



Bibliografía complementaria	<p>- Calsamiglia Blancafort, H. / A. Tusón Valls (1999). Las cosas del decir: manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel</p> <p>- Fernández Rei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega</p> <p>- Flesch, R. / A. H. Lass (1996). The Classic Guide to Better Writing. New York: Harper Resource</p> <p>- Garrido, C. (2001). Aspectos Teóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica (Inglês&gt;Galego). Ourense: Associação Galega da Língua</p> <p>- Kerbrat-Orecchioni, C. (2006). Análise da conversação. Princípios e métodos. São Paulo: Parábola</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2000). Da fala para a escrita. São Paulo: Cortez</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2001 [1986]). Análise da conversação. São Paulo: Ática</p> <p>- Plantin, Ch. (1998). La argumentación. Barcelona: Ariel</p> <p>- Reyes, G. (1998). Cómo escribir bien en español. Manual de redacción. Madrid: Arco Libros</p> <p>- Sánchez Rei, X. M. (2006). A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros. Santiago de Compostela: Liovento</p> <p>- Serrano Serrano, J. (2002). Guía práctica de redacción. Madrid: Anaya</p> <p>- Studer, Jürg (2000 [1996]). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac</p> <p>- Vallejo-Nágera, J. A. (1990). Aprender a hablar en público hoy. Barcelona: Planeta</p> <p>- Weston, Anthony (2004). Las claves de la argumentación. Barcelona: Ariel, 9ª ed</p> <p>- Zinsser, W. (2005). On Writing Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction. New York: Collins</p> <p>Entregarase unha bibliografía complementaria e específica por temas. Adam, J. M. (1992): Lestextes: Types et prototypes (Paris: Nathan). Bordons, G. / J. M. Castellà / E. Costa (1998): TTXLalingüística textual aplicada al comentari de textos (Barcelona: Universitat de Barcelona). Calsamiglia Blancafort, H. / A. Tusón Valls (1999): Las cosas del decir: manual de análisis del discurso (= Ariel Lingüística) (Barcelona: Ariel). Fernández Rei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008): Perspectivas sobre a oralidade (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega). Flesch, R. / A. H. Lass (1996): The Classic Guide to Better Writing (New York: Harper Resource). Freixeiro Mato, X. R. (2006) [2003]: Gramática da lingua galega IV. Gramática do texto (Vigo: A Nosa Terra). Fuentes Rodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2002): Mecanismos lingüísticos de la persuasión: cómo convencer con palabras (= Bibliotheca Philologica) (Madrid: Arco Libros). Fuentes Rodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2007): La argumentación lingüística y sus medios de expresión (Madrid: Arco Libros). Garrido, C. (2001): Aspectos Teóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica (Inglês>Galego) (Ourense: Associação Galega da Língua). Kerbrat-Orecchioni, C. (2006): Análise da conversação. Princípios e métodos. Trad. C. Piovezani Filho (São Paulo: Parábola). Koch, I. G. V. (1992): A interação pela linguagem (São Paulo: Contexto). Koch, I. G. V. (1997): O texto e a construção dos sentidos (São Paulo: Contexto). Koch, I. G. V. (2004): Introdução à lingüística textual (São Paulo: Martins Fonte). Koch, I. G. V., A. C. Bentes e M. M. Cavalcante (2007): Intertextualidade: Diálogos Possíveis (São Paulo: Cortez). Marcuschi, L. A. (1983): Lingüístico do texto: o que é e como se faz (Recife: Universidade Federal de Pernambuco). Marcuschi, L. A. (2000): Da fala para a escrita (São Paulo: Cortez). Marcuschi, L. A. (2001 [1986]): Análise da conversação (São Paulo: Ática). Moreira, I. (2007): Correspondência Comercial (Lisboa: Edições Técnicas e Profissionais). Plantin, Ch. (1998): La argumentación (Barcelona: Ariel). Reyes, G. (1998): Cómo escribir bien en español. Manual de redacción (Madrid: Arco Libros). Sánchez Rei, X. M. (2006): A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros (Santiago de Compostela: Liovento). Santiago Guervós, J. de (2005): Princípios de comunicación persuasiva (Madrid: Arco Libros). Serrano Serrano, J. (2002): Guía práctica de redacción (Madrid: Anaya). Studer, Jürg (2000 [1996]): Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer (Madrid: El Drac). Vallejo-Nágera, J. A. (1990): Aprender a hablar en público hoy (Barcelona: Planeta). Weston, Anthony (2004). Las claves de la argumentación (Barcelona: Ariel, 9ª ed.). Zinsser, W. (2005): On Writing Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction (New York: Collins).</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Galega 1/613G01002

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías